



Concello de Vilarmaior

ANUNCIO

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO CENSO ELECTORAL

Comunícase a todas as persoas interesadas, en cumprimento do disposto no artigo 39.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, que a partir do día 01 de xaneiro de 2024, permanecerán expostas ao público neste concello as listas electorais vixentes que se utilizarán no próximo proceso electoral, "**Eleccións ao Parlamento de Galicia 18.02.2024**".

Durante os oito días seguintes, **do 01 ao 08 de xaneiro de 2024**, poderán presentar unha reclamación administrativa sobre os seus datos censuais.

Poden presentar as reclamacións, persoalmente, no concello, onde se lles facilitarán os impresos para estas, no seguinte horario: luns a venres: de 9:00 a 14:00 h

Tamén se comunica a existencia dun **teléfono de información** da delegación provincial da Oficina do Censo Electoral para os electores que é o **900.343.232.(gratuito) ou 981 217 439**.

A consulta deberá ser formulada pola persoa interesada, previa identificación. O documento de identificación deberá ser algún dos que, para o acto da votación, indica o artigo 85.1 da citada Lei electoral: DNI, pasaporte ou permiso de conducir no que apareza a fotografía do titular.

As consultas e reclamacións ao censo electoral, pódense facer, tamén, de xeito telemático na páxina do Instituto Nacional de Estatística (INE): <https://www.ine.es/dyngs/CEL/index.htm?cid=41>

O ALCALDE
Carlos Vázquez Quintián